

CONCELLO DE VIGO  
CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente nº 279/143

**Dilixencia de inclusión do expediente na sesión da Comisión Especial de Contas a celebrar con data límite o 31 de maio de 2024.**

**Asunto:** Conta Xeral do ano 2023.

**Expediente nº:** 279/143.

**Órgano competente:** Rendición polo Alcalde, Pleno da Corporación, previo Ditame da Comisión Especial de Contas e exposición pública .

#### Antecedentes

Os artigos 208, 209 e 212 do TRLRFL, aprobado polo RDL 2/2004, así como a Regra 51 da IMNCL, regulan os diferentes prazos da tramitación da Conta Xeral:

- Rendición de estados e contas.

En cumprimento do previsto no artigo 212.1 do TRLRFL, o Presidente da entidade renderá a Conta antes do 15 de maio do exercicio inmediato seguinte ao que corresponda. O apartado 2) do devandito precepto, establece que a Conta Xeral de cada exercicio someterase antes do 1 de xuño do exercicio inmediato seguinte a informe da Comisión Especial de Contas da entidade local.

- Tramitación (Modificación introducida pola disposición final 19 da Lei 11/2020, de 30 de decembro)


A conta xeral, co informe da Comisión Especial de Contas, será exposta ao público por un prazo de 15 días durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións, reparos ou observacións. Examinados estes pola Comisión Especial e practicadas por esta cantas comprobacións estime necesarias emitirá novo informe. Acompañada dos informes da Comisión Especial e das reclamacións e reparos formulados, someterase ao Pleno da Corporación antes do 1 de outubro. Unha vez que o Pleno se pronuncie sobre a Conta Xeral, aprobándoa ou rexeitándoa, o presidente da corporación renderaa ao Tribunal de Contas.

Sometida a Conta Xeral aos trámites anteriores, remitirase a mesma ao Tribunal de Contas e ao Órgano Fiscalizador Externo que corresponda antes do 15 de outubro, seguindo os procedementos telemáticos e formatos que a normativa vixente teña previsto en canto á transferencia de datos.

O Alcalde Presidente da Corporación, por Resolución do 7 de maio, rendeu a Conta Xeral do ano 2023 do Grupo Concello de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/06/2024 14:14	Páxina 1 de 2
279-143	CSV: A9AC49-D4BA59-4C4DD6-GCQ44Y-GDQSTP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente nº 279/143

Aos efectos de continuar coa tramitación do expediente nº 279/143, remítese o mesmo para a súa inclusión na sesión da Comisión Especial de Contas que se celebre con data límite o 31 de maio de 2024.

O Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda: Jaime Aneiros Pereira  
Delegación da Área, Resolución Xenérica da Alcaldía de 20 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 124 de 28 de xuño, Delegación específica do 29 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 136 do 14 de xullo de 2023 e Delegación da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 129 do 5 de xullo de 2023.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/06/2024 14:14	Páxina 2 de 2
279-143	CSV: A9AC49-D4BA59-4C4DD6-GCQ44Y-GDQSTP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		